



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 1

Sesión da Deputación Permanente
14 de agosto de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-W90zsyw-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único: Solicitude das deputadas e deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente sobre o proceso de adxudicación e o subrecusto de construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo (doc. núm. 8548; 12/SCDP-000001).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Solicitud das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente sobre o proceso de adxudicación e o sobrecusto da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)

Rolda do grupo parlamentario proponente: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 8.), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 9.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 12.).

Rolda de peche do grupo parlamentario proponente: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 15.)

Rematado o debate, o señor presidente somete a votación a solicitude de celebración dun pleno extraordinario. (Páx. 17.)

Votación da solicitude de celebración dun pleno extraordinario no que compareza o presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do proceso de adxudicación e do sobrecusto de construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo: rexeitada por 12 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención. (Páx. 17.)

Remata a sesión ás once e cincuenta minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión desta Deputación Permanente.

Prégolle á secretaria, María Montserrat Prado Cores, que proceda á comprobación das asistencias, coas indicacións das substitucións, se é o caso.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Prado Cores): Moi bo día.

Raquel Arias Rodríguez: Si.

Xosé Luís Bará Torres: Si.

Diego Calvo Pouso (substituído por Gonzalo Trenor López).

María Elena Espinosa Mangana: Si.

Julio García Comesaña: Si.

José Ramón Gómez Besteiro: Si.

Patricia Iglesias Rey (substituída por María del Carmen Rodríguez Dacosta).

Armando Ojea Bouzo: Si.

José Alberto Pazos Couñago: Si.

Rosana Pérez Fernández: Si.

Noelia Pérez López: Si.

Carmen María Pomar Tojo: Si.

Ana Pontón Mondelo (substituída por Iria Carreira Pazos).

Paula Prado del Río: Si.

Noa Olalla Presas Bergantiños: Si.

Mercedes Queixas Zas: Si.

Olalla Rodil Fernández (substituída por Paulo Ríos Santomé).

Román Rodríguez González (substituído por Cecilia Vázquez Suárez).

Alfonso Rueda Valenzuela (substituído por Rubén Lorenzo Gómez).

Cristina Sanz Arias: Si.

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (substituído por José Daniel Pérez López).

Ethel María Vázquez Mourelle: Si.

Borja Vereja Fraiz (substituído por Miguel Fidalgo Iglesias).

Estando presentes o presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira, a vicepresidenta, María Elena Candia López, e a secretaria, María Montserrat Prado Cores, hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Solicitud das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente sobre o proceso de adxudicación e o sobrecusto da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

O señor PRESIDENTE: O punto único da orde do día é este punto.



A Deputación Permanente desenvolverase de acordo con este punto único, cunha rolda primeira do grupo parlamentario propoñente, por un tempo de dez minutos; logo cunha rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes para fixar a súa posición, tamén por un tempo de dez minutos cada un; cunha rolda de peche para o grupo parlamentario propoñente, por un tempo de cinco minutos; e, por último, procederíamos á votación da solicitude

Comeza, polo tanto, o grupo propoñente.

Para iso ten a palabra a deputada María Montserrat Prado Cores, por un tempo de dez minutos.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A celebración desta Deputación Permanente solicitada de urxencia polo Bloque Nacionalista Galego consideramos que é máis que precisa para que acorde a comparecencia do presidente da Xunta de Galiza, como máximo responsable do Goberno galego, e, polo tanto, para a toma de decisións deste.

É unha petición a raíz da presentación do informe, por parte do Consello de Contas, de fiscalización da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e que, entre outras cuestións, establece —este informe— que na súa adxudicación houbo un sobrecusto de 470 millóns de euros.

O BNG considera que este Parlamento non pode permanecer alleo a esta situación de alarma xeneralizada creada tras o coñecemento deste informe, que se vén sumar xa á alarma existente a respecto da situación da sanidade pública.

O primeiro que teño que dicir é que o proceso de construción do novo hospital de Vigo estivo envolto desde o seu inicio no escándalo, na polémica e na sospeita de que era un ruinoso negocio para os galegos e as galegas, para as arcas públicas, e, pola contra, un magnífico negocio para as empresas ás que se lles estaba adxudicando. Un escándalo polo cambio de modelo, ao dicir o Partido Popular que, en vez de facelo a través directamente da propia Administración, pasaría ao modelo eufemisticamente chamado de «financiamento público-privado», que o que en realidade significa é que a construción se fai por parte dunha empresa á que logo a Xunta lle ten que pagar un canon, neste caso durante máis de vinte anos.

A posición do BNG respecto disto é ben coñecida; desde o primeiro momento manifestamos a nosa radical oposición a este modelo, a esta privatización da construción do novo hospital de Vigo; un modelo onde as empresas adxudicatarias non asumiron riscos, non asumiron absolutamente ningún risco. A única que asumiu riscos foi a Xunta de Galiza, e, polo tanto, os galegos e as galegas. É un modelo que significou o incremento dos custos finais da construción, das infraestruturas, moi por enriba do que sería a construción polo sistema público, o que faría —e denunciámolo dende o primeiro momento— que isto hipotecase os orzamentos sanitarios durante moito tempo, e desgraciadamente así foi.

Denunciamos o sobrecusto, o despilfarro de fondos públicos que ía supoñer a hipoteca do futuro financiamento da sanidade pública galega, que faría máis difícil ofrecer un servizo



público de calidade. E estamos vendo que o tempo non fixo máis que darnos a razón. Este modelo escollido polo Partido Popular nunca tivo por obxecto dar resposta ás necesidades sanitarias da poboación da Área Sanitaria de Vigo, converterse nun hospital de referencia, nun hospital punteiro, senón que foi puro e duro neoliberalismo, pura e dura escolla ideolóxica por parte do Partido Popular, e converterse en negocio para as empresas amigas, para as multinacionais — neste momento o propietario do hospital xa é unha multinacional maioritariamente francesa, tamén con capital de Luxemburgo e doutros estados—. E froito desa decisión ideolóxica, servindo —insisto— ao puro e duro o neoliberalismo, o Partido Popular tomou esas decisións das que debe facerse responsable, por iso pedimos esta Deputación Permanente, porque quen toma as decisións ten que asumir as súas consecuencias e responsabilizarse delas.

E agora xa non é que o diga o BNG, xa non é que o digan miles de galegos e galegas, de veciñanza da Área Sanitaria de Vigo, que saíron masivamente á rúa a reclamar rectificación e que se rescatase o hospital das gadoupas das multinacionais, que só se estaba enriquecendo á custa da saúde dos galegos e galegas, agora xa temos que o Consello de Contas no seu informe puxo negro sobre branco. O Consello de Contas vén ratificar o que levamos denunciando desde o inicio: que é un negocio moi lucrativo para a concesionaria e ruinoso para as arcas públicas, para os galegos e as galegas, que son os que pagan impostos. Polo tanto, eses cartos son dos galegos e das galegas, e o Partido Popular o que non pode é usalos —en vez de dar servizos de calidade, como é a sanidade— para ese enriquecemento constante das empresas.

Vou dar algúns datos para que quede constancia dese negocio fantástico para as empresas. O Sergas solicitou un orzamento máximo para a construción do hospital por 374 millóns de euros, 371.630, e estableceu un canon a pagar en vinte anos de 659.561.032. Polo tanto, un beneficio para a empresa de 285 millóns de euros; nada máis e nada menos que do 76 por cento só na construción, ¡só na construción! E isto cun tipo de xuros establecido do 2,5 e coa taxa cero de risco; está establecido. É dicir, ¿que negocio, que empresa consegue un beneficio do 76 por cento, máis alá do custo do hospital? Evidentemente, un negocio redondo para a empresa concesionaria —naquela altura maioritariamente Acciona; Florentino á cabeza— e ruinoso para o pobo galego. Un canon polos servizos non clínicos de 500 millóns de euros. Estamos falando de limpeza, mantemento e de toda esta serie de cuestións. A isto, seguimos facendo caixa e sumámoslle os servizos pagados directamente polo persoal, pola poboación, polos enfermos: aparcadoiro, cafetería, televisión... Seguimos facendo caixa, seguimos sumando.

Produciuse unha redución da superficie construída e de servizos sen que isto supuxese ningunha redución tanto no prezo da construción como na prestación dos servizos. Parece lóxico e normal que, se hai menos construción, isto se detraia e que se faga unha modificación para que custe menos. Se se establece un prezo do canon dos servizos para determinados metros —para limpeza, para lavandaría, para determinadas camas, co que significa de comidas e demais—, se vai haber menos camas, un número moi importante menos e se vai haber menos superficie, o normal é que haxa unha redución. ¡Ah!, non, non, mantívose absolutamente igual; así que segue a empresa facendo caixa.

Establécese un canon máximo de 56 millóns de euros anuais a pagar inicialmente en vinte anos, pero logo, ¿para que deixalo aí? Dámoslle tres máis: ía ser ata o 2031, pero logo ata o



2035. Empezouse a pagar antes porque remataron o hospital. Entón, dámoslle canon e algúns anos de agasallo. O establecido, 56 millóns máximo, e resulta que no último ano fiscalizado polo Consello de Contas estaban en 71, e no último orzamento xa está en máis de 80. Negocio ruinoso para as arcas públicas; magnífico negocio, unha estafa, aos galegos e ás galegas a beneficio das concesionarias.

Seguimos facendo caixa. O normal é que nese canon se estableza un canon fixo para a construción, e iso é un crédito, unha hipoteca: eu pago a construción e logo ti vasme pagando ano a ano, mes a mes, por esa construción. E o normal é que sexa fixo, que non haxa que actualizalo. Pois, ¡ah!, non, non, o que fai o Partido Popular é meter un canon único onde mete a construción e onde mete a prestación de servizos, e actualízao segundo o IPC. ¡Claro, claro, é normal actualizar un canon por unha construción fixa segundo o IPC! ¡Fantástico! É dicir, seguimos facendo caixa.

O Consello de Contas di que non é normal; dío o Consello de Contas, xa non o di o BNG. Di o Consello de Contas que non é normal, que o normal sería establecer un canon fixo para a parte da construción e un variable para os servizos, pero non, ¿por que vai deixar o Partido Popular de aumentarlles o negocio ás empresas? Non, o Partido Popular non está na Xunta de Galiza para favorecer e velar polos intereses dos galegos e as galegas, o Partido Popular está na Xunta de Galiza para velar polos intereses das empresas, e aquí está negro sobre branco no Informe do Consello de Contas.

Como xa dixen, hai unha minoración das áreas de hospitalización e doutro tipo de cuestións: 11.700 metros de menos, e 16.690 do aparcadoiro, sen ningunha consecuencia.

Seguimos. Non existe concordancia entre os servizos complementarios non clínicos previstos no estudo de viabilidade e logo os que se prestan. Está contemplado que tamén se fixese cargo dos servizos complementarios non sanitarios do Meixoeiro, do Nicolás Peña ou do PAC. No PAC nunca se fixo cargo, pero non se lle reduciu. Da limpeza, de comidas e demais do PAC non se fai cargo a empresa concesionaria, pero non reduciu o prezo. ¿Para que? Hai que seguir permitíndolle que faga caixa. Todo isto está no Informe do Consello de Contas; dígo por se teñen algunha dúbida de que eu estou aquí sacando algo da manga. Poden lelo, é público, evidentemente, por iso estamos hoxe aquí.

Di tamén o Informe do Consello de Contas que meter no conxunto a prestación de servizos sanitarios do Nicolás Peña e do Álvaro Cunqueiro non ten sustento legal, que non se pode facer unha adxudicación con cargo aos servizos onde a empresa non actuou, e no Meixoeiro e no Nicolás Peña non actuou. Pero, ¿para que? ¿Imos retorcer a lexislación para que poidamos facilitarlle máis o negocio, cando eses servizos estaban prestados por outras empresas?

Podemos falar do prazo do contrato. Estaba previsto tres de contrato...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de construción e sete de explotación, mais logo pasou a aumentarse tres máis. Como dixen antes, ¿para que?



En definitiva, negocio redondo para a empresa concesionaria e ruinoso para a cidadanía e para, especialmente, a Área Sanitaria de Vigo, onde, en vez de ter un hospital que servise as necesidades da poboación desta área sanitaria para que deixase de ser necesario que unha parte moi importante desta poboación teña que recibir asistencia sanitaria hospitalaria nun hospital privado, o que fixeron foi reducir ese hospital para seguir dependendo de Povisa, mais o que non reduciron foron as ganancias da concesionaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Esta decisión política e ideolóxica, este neoliberalismo do Partido Popular, de posta en marcha dun entramado para drenar millóns de euros á sanidade privada, o Consello de Contas estimouna en 470 millóns de euros de sobrecusto. Así, nunha aproximación que fixo o BNG, con eses cartos poderíanse ter contratado 250 médicos de familia de atención primaria durante eses vinte anos ou ter renovado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...a imaxe... (*Murmurios.*) Poden ir vostedes á orde de confección —remato, presidente— de nóminas da Xunta, onde establece cal é o salario dun médico de atención primaria. Ou poderían terse 50 TAC, 89 resonancias magnéticas, 100 mamógrafos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: É dicir, non é unha estatística, son cartos constantes —remato, presidente— que detraeu para a sanidade pública nun momento onde conxelaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES:...os acordos para o persoal, onde aplicaron a taxa de reposición e onde deixaron de formar profesionais para que a sanidade pública tivese os recursos necesarios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: É dicir, o Partido Popular, en vez de preocuparse...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...pola sanidade pública, o que fixo foi drenar recursos máis é máis cara a unha empresa privada.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.



Sen entrar a valorar agora os aspectos ideolóxicos ou políticos da decisión, loxicamente, o modelo sanitario, como tantos outros modelos, adóptase desde unha postura política e, polo tanto, ideolóxica e lexítima por parte do goberno que en cada momento ostente as responsabilidades de tomar esa clase de decisións. Estimamos que debemos cinguirnos ao aspecto concreto sen facer extrapolacións, máis alá do ámbito concreto da convocatoria, e estimamos que a convocatoria está xustificada para que o equipo de goberno teña a oportunidade de dar a súa explicación, as súas valoracións, acerca dese informe —en gran parte técnico— do Consello de Contas, no que se fala dun sobrecusto, en termos practicamente obxectivos, sobre o inicialmente previsto na construción dese hospital.

Entón, como xa temos dito varias veces, cando se falou tamén das empresas que subministraran material EPI e mascarillas durante a pandemia, nunca está de máis que o equipo de goberno dea as explicacións pertinentes para que se poidan valorar a posteriori e ver se son convincentes ou non son convincentes, sempre en aras un pouco da maior transparencia, da maior información á que temos dereito os deputados que estamos nesta Cámara e, polo tanto, os cidadáns.

Esperamos por esas explicacións acerca dese sobrecusto, esperamos que sexan razoables e convincentes, e, iso si, valoraríamos despois acerca dese fenómeno resaltado polo Consello de Contas.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Vou dar unha cifra: 470.469.422; repito, 470.469.422 euros. Esa é a cifra exacta que galegos e galegas imos pagar de máis e que xa estamos pagando hoxe en día polo Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. E, ¿por que? Porque o anterior presidente, Alberto Núñez Feijóo, e o actual, Alfonso Rueda, decidiron que ese investimento, ese proxecto, que o Goberno do Partido Socialista, presidido por Emilio Pérez Touriño no seu día, debería ser máis beneficioso para os fondos especuladores que para a cidadanía galega. Podíase facer con fondos públicos, con titularidade plenamente pública e sen introducir especulación privada. ¿Podíase facer? Si, podíase facer, era posible. ¿Optouse por un modelo máis caro porque tiña algunha vantaxe? Non. E isto non é unha opinión de calquera de nós, dos que estamos aquí, senón unha conclusión directa á que chega o propio Consello de Contas, que afirma con absoluta rotundidade o seguinte —abro aspas—: «...máis eficiente que o contrato de concesión realizado, xa que se poderían acadar resultados similares a un menor custo. A diferenza estimada entre o importe da proxección de pagos de ambas as alternativas é de 470.469.422 euros, IVE incluído». E, por se fose pouco, o informe incide na avaliación das alternativas. Un quere imaxinar que as decisións que se tomen, decisións desta envergadura, responden a unha esforzada análise, a un estudo a conciencia e a unha ponderación de aspectos positivos e negativos de tomar unha ou outra decisión.



O Consello de Contas volve ofrecer luz sobre todo isto —abro aspas—: «A elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa previa en termos de eficiencia e eficacia con respecto a unha adxudicación dun contrato público tradicional». Pero dá a sensación de que vostedes terán que dicir máis nisto. Son 470.469.422 euros de sobrecusto durante vinte anos. Podíamos ter case medio centenar máis de médicos e médicas á fronte do sistema sanitario público, 600 enfermeiras, unha vintena de centros de saúde. A todo isto renunciaron vostedes como goberno por decidir que un dos grandes investimentos en sanidade fose obxecto dunha magnífica e espectacular especulación. Feijóo e Rueda preferiron beneficios para os especuladores que profesionais sanitarios para toda a cidadanía no noso país.

Esta é a evidente conclusión que ofrece a fiscalización do Consello de Contas, que acabamos de saber hai ben poucas semanas. Non nos conta nada novo que non levamos denunciando os socialistas durante os últimos anos, dende que se iniciou esta falcatuada. Pero pon punto e final ao intento burdo e vulgar do Partido Popular de agocharse detrás dos insultos e da vociferación constante a quen levamos máis dunha década alertando desta situación e incluso poñendo propostas enriba da mesa para solventala.

Fixémolo cando vostedes perpetraron esta auténtica estafa. Eu mesmo, hai unha década, xa fixen unha proposta de reverter o Hospital Álvaro Cunqueiro á titularidade plenamente pública e de resolver o grave problema de seguir pagando a fondos especuladores privados e entregarlles parte da xestión do hospital. Era posible e segue sendo posible. As posibilidades de financiamento no mercado son máis vantaxosas no mercado que as condicións verdadeiramente usureiras que se lles presentaron a Feijóo e a Rueda, que aceptaron no seu momento e que asinaron submisamente con incrementos superiores ao 8 por cento de interese. E xa asistimos a varias vendas entre fondos privados da súa titularidade no Álvaro Cunqueiro. Estivo en venda e puidémolo obter.

Hoxe formulamos novamente esa proposta: reverter a titularidade completa da proposta. Os números están feitos, vostedes xa os coñecen e, se fai falta, facémolos de novo, pero é posible e sae á conta; dentro do que xa pagamos de máis, evitamos seguir afondando na ferida económica. Quedan dez anos de pagar un canon que é un choio para a concesionaria e unha dor para os galegos e para as galegas. Podíámolo facer, e así o trasladamos ao Parlamento de Galicia no ano 2015, no ano 2016 e no ano 2020. Nesas ocasións, recibimos do Partido Popular as cualificacións de mentireiros, hipócritas, manipuladores e alarmistas e incluso enxeñosos comentarios como que todo isto era unha serie de ficción chea de falsidades.

É a gran estratexia comunicativa do Partido Popular: mentir; e, se te collen na mentira, insultar. E así tanto tempo. En Galicia hoxe facer oposición implica que te insulten por contar a verdade. Supoñemos que hoxe se atreverán a dicir iso mesmo dos membros do Consello de Contas de Galicia.

Para que intenten ver de que estamos a falar, a concesión non afectou unicamente o Hospital Álvaro Cunqueiro, a fame voraz de especulación chegou a outros centros da área de Vigo, como o Nicolás Peña ou O Meixoeiro. Mentres daquela se negaba —quero lembrar— a ampliación do laboratorio do Meixoeiro, si que se entregaban algúns dos seus servizos a empresas privadas dentro do pago do Cunqueiro. ¿Ten iso lóxica? O Consello de Contas volta



outra vez responder —e abro aspas—: «A ampliación do obxecto do contrato no Hospital do Meixoeiro e no Nicolás Peña, nos que non se realizou ningunha actividade construtiva, non ten soporte legal na definición de concesión de obra pública contida na lexislación de contratos vixente no momento da súa licitación.» Branco e en botella.

Cando o Partido Popular fala de sanidade, os especuladores frotan as mans, e se, por vostedes fose, ata serían capaces de privatizar as Illas Cíes. Implicaron na operación outros centros de Vigo. Pero, por se fose pouco, a anomalía que se dá na área sanitaria máis grande de Galicia, na que máis de 130.000 persoas están adscritas a un centro privado, ten tamén parte de responsabilidade aquí. O gran proxecto inicial foi reducido e recortado —ese verbo tan preferido e tan gustoso para o Partido Popular—, tanto para Alberto Núñez Feijóo como para Alfonso Rueda, para que o proxecto, en definitiva, non fose tan grande como se decidira un principio. Fixeron un hospital máis caro para que fose máis pequeno, porque se o Hospital Álvaro Cunqueiro tivese hoxe as dimensións que se prevían inicialmente non teríamos que desviar pacientes a Povisa.

Abro aspas outra vez sobre o Informe do Consello de Contas: «O obxectivo fixado na memoria de xustificación da necesidade do contrato era acadar 2.000 camas no Chuvi, mentres que o maior número de camas instaladas no período fiscalizado foi de 1.366 no ano 2020. O mesmo acontece cos obxectivos fixados en canto ao número de instalacións, procesos asistenciais e redución do peso relativo do sector privado».

En resumo: había un goberno de Touriño que deixou en marcha un gran proxecto. Feijóo e Rueda viron unha oportunidade: que houbera caixa para os especuladores; e retorceron ata o infinito o procedemento para que gañasen todos os interesados menos a cidadanía: hospital máis pequeno, pero máis caro, endebedados durante vinte anos e 470 millóns entregados aos fondos especuladores de sobrecusto. Perdeu a cidadanía, gañou a concesionaria. É obvio de que lado están sempre vostedes e é obvio para quen gobernan.

A pregunta é se vai alguén dar unha explicación ou se alguén vai asumir algunha responsabilidade. Para outro tempo quedará, sen dúbida, a reflexión sobre como pode ser que as entidades fiscalizadoras de Galicia non conseguisen ata o ano 2024 concluír un informe sobre unha cuestión tan grave e que ten xa máis dunha década enriba das súas costas; e tamén sobre o impacto e as consecuencias que o Goberno asume dende o primeiro momento que este informe foi público e publicado.

Os socialistas reclamamos desde o primeiro momento que Alfonso Rueda —o presidente da Xunta, o máximo responsable do Goberno— debía presentarse aquí neste Parlamento e explicarse. Temo que hoxe comprobaremos como, unha vez máis, o Partido Popular considera que debe funcionar un goberno. Se cadra, esta tamén é unha eiva do sistema, pervertido polas formas pechadas, arcaicas e pouco edificantes que nos trouxo á política o Partido Popular aquí, a Galicia.

E xa saben, finalmente, se teñen algunha dúbida, lembren o que dixo Alberto Núñez Feijóo, que dixo: cando un político inaugura un hospital, deberían preguntarlle: ¿o hospital está pagado ou queda a deber? E xa o dixo el: se se queda a deber, faga o favor de marchar inmediatamente e de empezar a pagalo. Así que, para unha vez que di unha cousa con xeito o



señor Feijóo, creo e considero que deberían facerlle caso e, cando menos, dar explicacións sobre o acontecido.

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gómez Besteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Empezo por algunha clarificación importante. Nós si sabemos o que cobran os médicos na sanidade pública; os que parecen descoñecelo son vostedes, que hai uns anos, con 34 millóns, o BNG contrataba 700 e o PSdeG, 500, e hoxe, coa mesma cantidade, un contrata 250 e outro contrata 50. En todo caso —e aclárollelo para a súa tranquilidade—, dende o ano 2009, este goberno —este, non vostedes— contratou 6.000 sanitarios máis; nin 250, nin 50; 6.000 sanitarios máis.

Eu quero comezar manifestando o meu absoluto desacordo coa utilización espuria que o BNG está a facer do Regulamento da Cámara, convertendo esta Deputación Permanente nun instrumento de propaganda coa que xerar alarma social en beneficio propio, por suposto, e en prexuízo do conxunto da sociedade, sempre. De feito, xa forma parte da nosa tradición parlamentaria a petición, por parte da oposición, da convocatoria dun pleno nesta Deputación Permanente; un pleno sempre inaprazable e polo que —iso si— perden todo o interese unha vez comezado o período ordinario de sesións.

Mire, hai seis meses —seis meses, jeh! da última deputación— solicitaban nesta deputación, neste órgano, a comparecencia do presidente para coñecer as medidas que adoptaría respecto dos incumprimentos de Alcoa en San Cibrao; o 29 de xaneiro. Recuperada a actividade ordinaria, o que era urxentísimo xa perdeu todo o interese; xamais fixeron esa solicitude. Apenas quince días antes, na Deputación Permanente comparecía a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda de carga do buque *Toconao*, e, de paso, para desmentir a infame campaña de bulos espallada pola oposición e pola que vostedes, por certo, aínda non pediron desculpas despois do recente arquivo da Fiscalía, ¿verdade?

Vostedes confundiron esta Deputación Permanente cun altofalante co que alcanzar a notoriedade mediática que son incapaces de acadar por outros medios. E hoxe repiten o seu *modus operandi* utilizando un informe sobre unha licitación de hai quince anos na que non se sinala nin unha soa irregularidade e que, dende logo, non é urxente. (*Murmurios*.) Eu pediría o mesmo respecto que tiveren. Non vaia pensar que o meu silencio non indicaba que non me sangrasen os oídos cando oía as cousas que houbo que oír aquí.

O Informe do Consello de Contas sobre o Cunqueiro limítase a analizar dúas posibles fórmulas de licitación, e indícase no propio informe unha delas —abro aspas— sobre a parte do informe que vostedes non leron: «Exixiría a renuncia da Administración a execución de gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir o obxectivo de déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria». O Goberno galego, con absoluta responsabilidade —e teño que



dicilo con moito orgullo—, renunciou a aplicar eses recortes, e, grazas a esa decisión, fomos quen de construír en Vigo un dos mellores hospitais de Europa, ao tempo, por certo, que impulsabamos unha modernización sen precedentes da rede sanitaria galega. Só neses tres ou catro primeiros anos dese goberno que vostedes critican se investiron 145,2 millóns, entre eles nos hospitais de Ourense, no Juan Canalejo, no Chuac, no Santiago de Compostela, no Salnés, no arquitecto Marcide, ou se construía o heliporto do Canalejo, por non falar dos 17 centros de saúde que se puxeron en marcha e por non falar dos 32 millóns que se investiron en operacións menores, tanto en hospitais como en centros de saúde.

Pero onde vostedes puxeron maquetas, fotos e notas de prensa, este goberno puxo financiamento, obras e hospitais modernos, e esta é a clave desta absurda polémica. En plena crise económica a Xunta decidiu priorizar a saúde dos galegos antes que os custos financeiros dun proxecto, e fíxose, por certo, minimizando o custo e o impacto desa decisión nas contas públicas. Calquera galego, calquera galega, señorías, sabe que é máis barato adquirir a súa vivenda con medios propios que acudir ao financiamento bancario. Sabémolo todos, pero, iso si, a inmensa maioría deciden afrontar unha hipoteca e o gasto financeiro ao que esta conleva para acelerar o proceso de compra. Non é porque os galegos e as galegas sexan uns ignorantes nin porque sexan uns manirrotos, simplemente priorizan dispor dun teito para a súa familia a ter que esperar longos anos para dispoñer dos cartos que lles permitirían evitar o pago de intereses. E nós, ao igual que os galegos, temos claras cales son as prioridades; vostedes, non.

Vigo hoxe dispón dun hospital público de última xeración, que salvou centos de vidas durante as pandemias, como os outros hospitais modernizados por este goberno e que vostedes non foron capaces de atender; un hospital público perfectamente dimensionado, como amosa, por certo, o feito de que a súa capacidade e ocupación total non se cubriu nunca, en ningún momento ata agora; e, por certo, cunha grande elasticidade para atender a demanda de camas en función das necesidades reais de cada momento.

É lamentable —e téño que dicir, absolutamente lamentable— que os mesmos que durante o período de bonanza económica foron incapaces de poñer un só ladrillo deste hospital —iso si, o señor Besteiro dicía que nós lles damos a ganancia ás financeiras; vostedes, aos maquetadores; cinco veces presentaron a maqueta, ¡cinco veces!, pero non puxeron un só ladrillo— pois hoxe se atrevan a cuestionar a quen foi quen de construílo nun tempo récord e en plena crise económica. Por certo, a pesar do boicot permanente dun concello que incumpriu todas as obrigas que tiña comprometidas no convenio e que modificou, por certo, o Regulamento municipal do IBI para facer caixa e cobrar un millón de euros á conta da sanidade pública galega —que tanto lles preocupa—; ¡un millón de euros anuais! Ese é o orgullo pola sanidade que amosan vostedes.

Pero o que resulta verdadeiramente escandaloso —¡escandaloso!— é o exercicio de hipocrisía política practicado por BNG e PSdeG nas últimas semanas. Critican vostedes que optáramos por financiar o Álvaro Cunqueiro, os mesmos que deixaron a Galicia arruinada, cun burato orzamentario de máis de dous mil millóns de euros, que imposibilitaba a construción polo método que vostedes propugnan e defenden e que, por certo, non utilizaron. E veñen agora dicir que como nos atrevemos a financiar unha obra e a priorizar a súa construción acelerada. E dino así e non se poñen nin colorados.



Critican que traballemos para a sanidade privada, os que asinaron este convenio (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*); un convenio asinado entre a Xunta de Galicia e Povisa, coa participación de todos os sindicatos, incluída a CIG. Voulle ler o último parágrafo do convenio asinado, por certo, por unha conselleira de Sanidade socialista. Léolle tan só o último parágrafo do convenio: «...a avaliación das propostas de planificación derivadas do Plan funcional do novo hospital de Vigo, en termos de actividade e emprego, tanto no sistema sanitario público como no sector sanitario concertado». Vostedes comprometeron por escrito que o desenvolvemento do novo hospital non comprometía a viabilidade económica de Povisa. Non o digo eu. Xa que tan afeccionados son aos informes do Consello de Contas, que non len, dígolles —Consello de Contas—: «Semella que coa sinatura deste acordo se descartaba eliminar o carácter substitutorio do concerto con Povisa». ¿Quen traballa para a privada, señor Besteiro?, ¿quen traballa para a privada? En fin, é unha cousa asombrosa.

Pero aínda máis asombroso é que critiquen a colaboración público-privada os mesmos que xa contemplaban esta opción para construír o hospital. Facíltolle, se quere, copia do informe redactado por Garrigues, (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) a solicitude do seu goberno —jdo seu goberno!—, sobre «la definición y viabilidad del modelo jurídico para la financiación, construcción y explotación de centros hospitalarios por medio de una sociedad mixta desde la perspectiva de la desconsolidación presupuestaria». Pero non só fixeron isto, é que, ademais, o anunciaron na prensa. (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) ¡É que teñen unha memoria moi curta!: «La Xunta abre la puerta a la participación privada para financiar el nuevo hospital». ¿Que pasa? ¿Non se acordan destes papeis? ¿Non se acordan da súa traxectoria? ¿Non se acordan do que fixeron cando estaban no Goberno? ¡Claro que se acordan!, pero o que pretenden é que o esquezan os galegos, e non o van esquecer. Non o imos esquecer, e non imos esquecer que en plena bonanza económica vostedes non fixeron absolutamente nada pola sanidade pública deste país, e que tivo que ser este goberno e este partido o que, en condicións de máxima dificultade económica, sacou adiante todos os proxectos que vostedes tiñan gardados nun caixón.

De verdade, teño que sorprenderme cando escoito que se fala aquí do beneficio que lles damos ás empresas privadas. ¿Sabe cal foi a débeda que deixou o seu goberno, señor Besteiro, e o seu goberno, señora Prado Cores, en obra pública concertada? Porque tivo que pagala este goberno. Deixáronnos un burato de 4.100 millóns de euros en infraestruturas viarias; a maioría delas, por certo, concertadas... —non, non se sorprenda, xa sei que o número soa...— ¡4.100 millóns! ¿Sabe vostede cantos médicos se contratan con 4.100 millóns? ¡Ah, aí non lle importa a colaboración público-privada! Para abrir o Auditorio Mar de Vigo non lles importou a colaboración público-privada, aínda que tivesen que rescatalo despois porque o fixeron de maneira ruínosa; para iso non lles importa. ¡Pero se ata en Vigo abriron rúas —rúas públicas— en colaboración público-privada e veñen aquí agora criminalizar esa colaboración! ¡Son un esperpento, dígollelo de verdade! ¡A súa postura política é esperpéntica!

Polo tanto, a estas alturas comprenderá que xa temos claro que non imos contar con vostedes.

Non podemos contar con vostedes para seguir mellorando o noso sistema de sanidade público; iso xa sabemos que é unha responsabilidade nosa, e seguiremola asumindo. Pero, polo menos, voulle facer dúas peticións, dúas: a primeira é que non estorben; se non van axudar, polo menos, non estorben; e, a segunda —e ten razón, señor Bará, a segunda, máis que unha petición, vai ser unha exixencia— é que non mintan. Non manipulen. ¡É escandaloso!



Ten vostede, señora Prado Cores, a mesma credibilidade, cando fai as acusacións que fixo hoxe, que cando afirma que está orgullosa do sistema electoral do señor Maduro. ¡Ten vostede exactamente a mesma credibilidade! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Afortunadamente, os galegos xa coñecen perfectamente cal é a súa fórmula de xestión, que é a non xestión, e a súa aposta pola democracia, que é a non democracia. Eses son vostedes e, por suposto, o habitual pagafantas que teñen acompañándoos en todo este tipo de cuestións.

Eu, se quere, nalgún momento, non teño ningún inconveniente en facilitarlles o informe; (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) dígollo para que o lea completo e que non faga extractos convenientes, porque despois, claro, dicímoslle aquí a parte que non lle pasaron os seus asesores, e igual se sente vostede un pouco avergoñado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...sempre e cando coñeceramos o que é a vergoña.

En todo caso, orgullosísimos; estamos orgullosísimos de ter construído un dos mellores hospitais de Europa, de facelo nun tempo récord, de que estivese á disposición dos galegos en tempos de pandemia, e aínda máis orgullosos de que, ademais, este —señor Besteiro, para a súa sorpresa— aínda continúe en pé.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Rolda de Peche.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

¡Está o Partido Popular para dar leccións de democracia e de dereitos humanos!; os amigos de Milei, os que non son capaces de condenar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o masacre, a brutalidade que Israel está cometendo co pobo palestino, e veñen aquí dar leccións de quen é demócrata e de quen non o é.

Eu o que lle pido simplemente é que non volva facer o bochorno de Guaidó; non volva facer o bochorno de apoiar un presidente que nin se presentou ás eleccións e que se autoproclamou nunha praza pública. Xa todos sabemos como acabou.

En todo caso, a pregunta é, señores e señoras do Partido Popular: ¿e da estafa dos 470 millóns de euros que? Porque eu teño que dicirlle que nós non estamos aquí nin pedimos a Deputación Permanente porque se nos ocorreu, nós non decidimos cando o Consello de Contas presenta os informes neste Parlamento; un presidente que presentou os informes en agosto e que, polo que eu sei, é amigo íntimo de Feixóo; nada sospeitoso de ser do BNG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, nós... ¿Que que di? Pois o que está publicado nos medios de comunicación, si; nalgún outro pon de toda a vida, «de toda la vida», dá igual.



En todo caso, cando se presentan os informes, temos coñecemento e vese a barbaridade e o uso espurio, di que no informe do Consello de Contas non hai ningunha irregularidade. É dicir, todo o que describín, señor Pazos, de redución de espazos e o que iso significa de redución do orzamento, da ampliación de non sei que, o outro, o de máis alá... ¿Iso non é ningunha irregularidade? Quen o ten que ler con detemento é vostede e deixarse de argumentario, señor Pazos. Ten que ler o informe. ¿Cal é o tema? Que o Partido Popular non é de ler nin é de dar explicacións. Por iso, non quere atender a un informe do Consello de Contas; evidentemente, na súa maioría, composto por persoas a proposta do Partido Popular, mais que vostedes están aquí desacreditando, porque nós non facemos máis que facer referencia ao que pon ese informe. Así de claro.

«En plena crise económica» —di o Partido Popular— «o PP optou por dedicarse á sanidade pública». Non, por enriquecer as empresas privadas, e fixo referencia a que, cando unha persoa quere mercar unha casa, pois pide un crédito. Se tivese... Claro, o que non fai é caer en mans de especuladores, que sacan un beneficio do 76 por cento. Iso é o que non fai calquera e que a Xunta do Partido Popular si fai, porque eses especuladores son os seus especuladores, aos que lles dedican o beneficio. Porque, vale, non podía facelo con recursos propios. ¿E por que non coa Sociedade Pública de Investimentos? O Bipartito deixara consignados 300 millóns de euros para, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) co fondo, coa Sociedade Pública de Investimentos, facelo posible. ¿Por que non fixeron vostedes iso? ¿Por que o seu argumento, o do Partido Popular, é que non era posible con fondos propios? E resulta que logo a empresa, a concesionaria, quebrou e foron ao Banco Europeo a buscar recursos para a empresa; resulta que non os podía buscar para a propia Xunta e foron buscalos para a propia empresa. Un mecanismo que o Partido Popular pretendía estender a todo o país e que, afortunadamente, grazas á mobilización popular, no caso de Pontevedra, e ao Concello do BNG, lle pararon e non lle permitiron que seguisen con esta estafa programada e executada polo Partido Popular.

E non vou ter tempo, pero sexa un pouquiño máis consistente. Teño que lembrarlle que esa débeda de 4.100 millóns de euros a deixara adxudicada e licitada Núñez Feixóo como conselleiro de Infraestruturas, e logo o Goberno bipartito tivo que seguir adiante; pero vostedes son uns trileros, uns auténticos trileros. (*Murmurios.*)

Polo tanto, mire, é unha evidencia que o Partido Popular non quere dar contas, non quere darlle explicacións ao pobo galego de como facilitaron desde o Goberno da Xunta esta estafa ao pobo galego, porque este sobrecusto de 470 millóns de euros é unha estafa ao pobo galego, nun momento onde lles estaban racaneando dereitos aos traballadores e traballadoras, onde lles conxelaron os seus salarios, onde lles conxelaron dereitos que aínda hoxe non recuperaron, onde estaban aplicando a taxa de reposición e onde estaban recortando por activa e por pasiva na sanidade pública —especialmente na atención primaria— a custa de enriquecer os petos dos de sempre.

É unha evidencia que non quixeron dar contas de que se investigue que pasa con Eulen, de que pasa coa irmá e coa prima de Núñez Feixóo, e non queren que se investigue que pasou coas contratacións da covid. ¿Por que? Porque isto non é un caso illado. Este xeito de funcionar do Partido Popular, de estafar os galegos e as galegas cos cartos públicos para encher os petos das empresas privadas é unha constante estes quince anos de goberno do Partido Popular, e incluso o Consello de Contas non fai máis que ratificar:...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...contratos a dedo, irregularidades por doquier... Esa é a realidade.

Polo tanto, o que pediamos hoxe aquí era que o presidente da Xunta, se non ten nada que ocultar, veña comparecer a este Parlamento e dea explicacións, e, se non as dá, é porque, efectivamente, ten moito que ocultar. Se o presidente da Xunta non dá explicacións de algo tan grave como esta estafa, é que ten moito que ocultar, porque quen non ten que ocultar comparece, dá a cara. E o presidente da Xunta, responsable e membro daquel Goberno que tomou esas decisións xa a aquela altura, non está dando a cara, e o Partido Popular impídelle que dea a cara.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, o que dicimos é que dea a cara, que rectifique e que se rescate o Álvaro Cunqueiro, como o BNG pediu en innumerables ocasións, a última no ano 2022, cando Acciona vendeu as accións que comprou esta multinacional encabezada por Meridian —francesa—, e non quixeron, a pesar das peticións de que era o momento de rescatar o Álvaro Cunqueiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Prado

A señora PRADO CORES: Que tomen todas as medidas, —remato, presidente— e que se rescate, para que a poboación da Área Sanitaria de Vigo deixe de depender da privada nunha maior parte e teña atención sanitaria na sanidade pública. (*Murmurios.*)

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Pois, rematado o debate, procedemos á votación.

Votación da solicitude de celebración dun pleno extraordinario no que compareza o presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do proceso de adxudicación e do sobrecusto de construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 14.
O resultado da votación é negativo.*


En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

O señor PRESIDENTE: Nada máis.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás once e cincuenta minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-W90zsyw-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

